

# 1 INTRODUCCIÓN

Este informe foi elaborado en base aos datos e conclusións extraídas do traballo de prospección e intermediación laboral, realizado polo Proxecto Rede Coruña Emprega, xestionado polo Servizo Municipal de Promoción Económica e Emprego e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

A través do mesmo, preténdese analizar cales son as ocupacións e perfís profesionais que demandan as empresas da Coruña e da súa área de influencia.

Na última parte do informe, analízanse os sectores económicos que se prevé xeren emprego na cidade, nun futuro próximo.

Un dos obxectivos da análise é que as conclusións poidan servir de base para futuras programacións formativas das entidades da Rede Coruña Emprega, como medida de fomento do emprego e mellora da empregabilidade.

Para a elaboración deste informe consultáronse as seguintes fontes de información:

■ **Análise da intermediación laboral realizada con 59 empresas da Coruña e bisbarra nos seguintes sectores produtivos:**

*Sector: Actividades sanitarias e de servizos sociais*

Subsector: servizo de axuda a domicilio

Subsector: establecementos sanitarios

*Sector: Actividades administrativas e de servizos auxiliares:*

Subsector: sistemas de seguridade e de servizos auxiliares

*Sector: Industria manufactureira:*

Subsector: Fabricación e montaxe de maquinaria e equipo industrial

Subsector: Fabricación e montaxe de estruturas metálicas

Subsector: Fabricación de carpintaría metálica

Subsector: Construción e reparación de buques

Subsector: Fabricación de produtos de madeira e de mobles.

*Sector: Construción:*

Subsector: Instalacións eléctricas, de fontanaría; enerxías renovables e outras instalacións en obras de construción.

- **Análise de 562 ofertas de traballo** realizadas a través do programa de Intermediación Laboral do Centro Municipal de Emprego do Concello da Coruña durante o ano 2009.
- **Datos aportados polo Observatorio Sociolaboral** do Centro Municipal de Emprego. Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo.
- **Datos estatísticos do Instituto Galego das Cualificacións.** Consellería de Traballo e Benestar
- **Análise de información publicada en prensa.**

## 2 ANÁLISE DA PROSPECCIÓN LABORAL

### 2.1. Análise do proceso de intermediación laboral do Proxecto Rede Coruña Emprega

O proceso de intermediación laboral é unha parte fundamental dos itinerarios integrados de inserción que se levan a cabo no Proxecto Rede Coruña Emprega. Este proceso é a vía que permite coñecer as necesidades do mercado laboral e poñer en contacto ás persoas usuarias do Proxecto coas ofertas de emprego que realizan as empresas.

O proceso de intermediación realízase “*a medida*”, en tanto en canto implica o contacto con empresas especializadas nos sectores económicos onde se imparte a formación específica dos itinerarios programados no Proxecto.

Os contactos con empresas teñen unha dobre finalidade:

- a) Permiten realizar a xestión de ofertas de emprego e o envío de candidaturas ás empresas.
- b) Permiten xestionar a colaboración do empresariado na realización de prácticas formativas titorizadas como parte fundamental dos itinerarios integrados de inserción.

Ademais, a intermediación laboral cumpre coa importante función de coñecer de primeira man as necesidades das empresas dende o punto de vista dos seus recursos humanos: perfis profesionais que demandan, ocupacións máis solicitadas, tipos de contratos que realizan, necesidades formativas do persoal a contratar, etc.

A acollida por parte das empresas do Proxecto Rede Coruña Emprega en xeral, e do procedemento de intermediación laboral en particular, é moi boa. Todas as empresas contactadas valoran de forma moi positiva a información personalizada e os contactos realizados.

Mención especial merece a xestión de prácticas profesionais titorizadas en empresas por parte do Proxecto, concebidas como un módulo específico e obrigatorio en todos os itinerarios integrados de inserción planificados. A duración destas prácticas oscila entre as 80 e as 120 horas.

As empresas contactadas valoran moi positivamente a posibilidade de asumir estadias de prácticas, o que permite ao alumnado obter os coñecementos que complementan a formación ocupacional realizada. Ao mesmo tempo, serven de vía de acceso á empresa, permitindo ao empresariado coñecer o desempeño real de candidatos e candidatas para incorporar nos seus procesos de selección de persoal.

Do total de empresas dos sectores profesionais onde se realizou a formación específica, un 69,44 % ofrecen a posibilidade de xestionar prácticas nos seus centros de traballo.

Outro dato importante é que casi o 40 % das persoas que finalizan as prácticas formativas titorizadas con éxito son contratadas polas mesmas empresas onde as realizan.

Pódese afirmar que as prácticas formativas que complementan a formación ocupacional son unha ferramenta fundamental como elemento que facilita o acceso ao mercado laboral.

En base ao traballo de intermediación laboral levado a cabo no marco do Proxecto, entre novembro de 2009 e marzo de 2010, realízase unha análise por sectores de actividade económica, da que podemos extraer as seguintes conclusións:

- **Sector de actividades sanitarias e servizos sociais**

O *servizo de axuda a domicilio* emprega a un perfil profesional que responde ás seguintes características: muller con idade comprendida entre os 30 e os 45 anos.

Existen moitas dificultades para intermediar con homes, debido a que os requirimentos da clientela das empresa van dirixidos á solicitude exclusiva de mulleres, chegando a rexeitar explicitamente, en case tódolos casos a contratación de homes. Concretamente, dende o Proxecto Rede Coruña Emprega só se acadou a contratación dun home neste sector.

Requírese por parte das empresas unha formación capacitante cunha duración extensa. Non se valoran os cursos de duración inferior as 400 horas, e de forma xeral, solicítase que a formación a impartir siga a programación do Certificado de Profesionalidade da Xunta de Galicia (*Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio*).

Os contratos realizados son inicialmente a tempo parcial, con medias xornadas que van aumentando a súa duración a medida que se vai adquirindo experiencia.

As empresas de axuda a domicilio manifestan que a súa carga de traballo tamén se veu afectada pola actual situación de crise económica e financeira, diminuindo principalmente a demanda de servizos puntuais e de curta duración.

Por regra xeral, as empresas nútreanse das candidaturas das súas propias bases de datos, pero moitas veces o aumento na carga de traballo é imprevisible neste sector, o que fai que se valore positivamente contar constantemente con novas candidaturas.

Nos períodos festivos e de verán aumenta a contratación como consecuencia da cobertura de vacacións e baixas laborais.

Os establecementos sanitarios forman un subsector que está demandando persoal con formación especializada.

É preciso facer unha distinción entre os establecementos públicos (ou privados sostidos con fondos públicos) e os establecementos íntegramente privados.

Nos establecementos públicos, a formación que se require é unha formación regrada ou homologada (FP de grado medio de Coidados Auxiliares de Enfermería) ou ben formación ocupacional impartida pola Xunta de Galicia a través dos seus centros colaboradores (Plan AFD).

Nos establecementos privados non se esixe que a formación estea homologada oficialmente. Valórase aquela que segue a programación do Certificado de Profesionalidade da Xunta de Galicia (*Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais*), pero contrátase persoal con formación de menor duración e incluso con formación en atención de persoas no domicilio.

Ao igual que no sector de axuda a domicilio, o perfil solicitado é o de muller de entre 30 e 45 anos. O tipo de contrato inicial é temporal de curta duración, xeralmente a media xornada. Os contratos prorróganse e van aumentando a xornada ata chegar ao tempo completo, correlativamente á adquisición de experiencia.

Unha das características que máis se valoran nos procesos selectivos é a capacidade do persoal para ser asertivo e empático coas persoas residentes (anciáns, con discapacidade..), ao tempo que se soe esixir dispoñibilidade para traballar a turnos e valorase a experiencia previa en postos similares.

Os contratos neste sector están caracterizados por unha alta estacionalidade, derivada da cobertura de vacacións, o que facilita as novas contratacións. O período de vacacións comenza no mes de maio e esténdese ata setembro ou outubro.

Considerando todos os subsectores que compoñen o sector sociosanitario, o número de persoas usuarias do Proxecto Rede Coruña Emprega que son contratadas despois da finalización do seu itinerario é de 31 persoas sobre un total de 89 o que supón unha porcentaxe do 34,83 %

#### – Sector de actividades administrativas e servizos auxiliares

A intermediación realizouse concretamente co subsector das *empresas de vixilancia e servizos auxiliares*.

O posto de *auxiliar de servizos* é un perfil que este tipo de empresas está a contratar con moita frecuencia. Trátase dunha categoría inferior á de vixiante de seguridade e as súas funcións son as de control de mercancías, comunicacións, recepción e atención á clientela.

Existe unha formación específica de Auxiliar de Servizos que imparten de forma habitual ás empresas privadas de formación, e tamén forma parte dos itinerarios que se están a levar a cabo no Proxecto Rede Coruña Emprega.

O perfil de persoa contratada varía moito segundo os requerimentos da clientela. As idades están comprendidas entre os 25 e os 40 anos, e a porcentaxe de homes contratados acada o 70 %.

En canto ás características personais mellor valoradas están a facilidade de comunicación, o carácter extravertido e “don de xentes”, así como posuir coñecementos en ofimática.

Auxiliar de servizos adoita ser un posto de entrada na empresa, servindo unha vez completada a formación necesaria, para a posterior promoción a categorías superiores, como o de vixiante de seguridade. Hai que ter en conta que a seguridade privada é un sector catalogado como novo “filón de emprego” no cal se prevé un incremento na contratación de profesionais durante os próximos anos.

Os requisitos de acceso á profesión de vixiante de seguridade, veñen determinados por:

- Ter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Posuir o diploma ou certificación acreditativa de superar o curso correspondente nos centros de formación de seguridade privada autorizados pola Secretaría de Estado de Seguridade.
- Superar as probas de selección que convoca o Ministerio de Interior a través da Secretaría de Estado de Seguridade.

#### - Sector da industria manufactureira

A intermediación neste sector realizouse nos subsectores de *fabricación e montaxe de maquinaria e equipo industrial, fabricación e montaxe de estruturas metálicas, carpintaría metálica e construción e reparación de buques*, especificamente para os perfís profesionais de *soldadura ao arco eléctrico e soldadura mig-mag*.

A actual situación de crise económica afectou tanto ás grandes como ás pequenas empresas destes subsectores, aínda que se visibilizou máis nas pequenas, debido á súa dependência, case absoluta, das subcontratacións.

A maioría das empresas contactadas tiveron que reducir o cadro de personal, aínda que a previsión é positiva, en canto á apertura de novos procesos de contratación.

Os requisitos profesionais esixidos en soldadura no último ano aumentaron considerablemente. Na actualidade o perfil da persoa contratada é a dun home con idade comprendida entre os 25 e os 45 anos, con experiencia en soldadura Mig-Mag.

Valóranse especialmente os perfís polivalentes que poidan realizar outras tarefas no uso de ferramentas manuais, traballos de pintura, interpretación de planos e coñecementos de calderería ou de montaxe e ensamblaxe de pezas. En moitas ocasións, requírese dispoñibilidade para viaxar fóra de Galicia.

Por outra banda, a existencia dunha importante bolsa de persoas desempregadas con moita formación e experiencia nestes subsectores, supón que as menos cualificadas ou as que adquiriron formación a partir do ano 2009 teñan moitas dificultades para poder insertarse laboralmente, xa que a empresa ten a posibilidade de elixir candidaturas con moita experiencia.

Por último, a intermediación no subsector de *fabricación de produtos de madeira e mobles* realizouse para obter información dos perfís profesionais de montaxe de mobles e de instalación de elementos de carpintería, que se corresponden con dous novos Certificados de Profesionalidade que substitúen ao derogado de carpintería.

Dos contactos con empresas pódese extraer a seguinte información relativa aos perfís máis demandados:

As preferencias céntranse en persoas mozas, preferiblemente homes, aínda que tamén se contratan mulleres.

A empresa adoita contratar mozos e mozas sen experiencia antes que maiores con experiencia. Requiren asimesmo que sexan polivalentes, capaces de realizar outras tarefas relacionadas co uso de ferramentas manuais, traballos de pintura de madeira, etc.

Outro aspecto a destacar é a necesidade de contar con vehículo para o desprazamento ao lugar de traballo, xa que a maioría das empresas destes subsectores están ubicadas na periferia da cidade da Coruña ou en concellos limítrofes (Arteixo, Culleredo, Bergondo, Sada, etc).

#### – Sector da construción

Os contactos con empresas neste sector realizáronse para intermediar co perfil profesional de Instalacións de sistemas de enerxía solar térmica, que adoitan ser contratados nos *subsectores de instalacións eléctricas, fontanería, enerxías renovables e outras instalacións en obras de construción*.

Os sistemas de enerxía solar térmica, son todos aqueles aproveitamentos (electricidade, calefacción e auga quente) que se poden facer grazas á instalación de paneles solares ubicados en edificios, utilizando como fonte de enerxía os raios solares.

Aínda que esta é unha profesión con escasa implantación nas empresas da cidade e a súa área de influencia, existen algunhas relacionadas coa electricidade e a fontanería que están a realizar traballos de instalación de sistemas de enerxía solar.

O perfil de persoa que se adoita contratar é o dun home, preferiblemente con formación en fontanería. Requírense coñecementos técnicos, pero que ao mesmo tempo sexan capaces de realizar traballos non especializados como abrir foxos, levantar ou tirar muros... o que implica unha boa habilidade no uso de ferramentas manuais.

Un dos requisitos máis valorados, e que permite acceder con maior facilidade ao mercado laboral, é a obtención do “*carné de instalador fontaneiro*”, que se obtén a través da superación das probas convocadas pola Consellería de Innovación e Industria.

## 2.2. Análise das ofertas de emprego xestionadas polo Centro Municipal de Emprego

A continuación analízanse as ofertas de emprego xestionadas polo Programa Municipal de Intermediación Laboral durante o ano 2009.

Sobre unha mostra da análise de **562 ofertas de traballo** presentadas, case o 25% destas fíxose sobre postos de dependentes/as (53), teleoperadores/as (50) caixeiros/as (10), técnicos/as post venda (6), promotores/as (5), azafatos/as (4), expendedor/a de gasolineras (4) e outro persoal de atención á clientela (4)

Case un 15% das ofertas fixéronse sobre postos de comerciais, entre os que se inclúen asesoría comercial (63), axentes de seguros (16) e xestión de cobramentos (2).

Un 11,21% das ofertas estiveron relacionadas co sector da hostalaría. Inclúense aquí postos de axudantes de cociña (22), axudantes de camareiro/a (20), camareiros/as (12) e cociñeiros/as (9).

Un 10,50% das ofertas foron de postos de oficiais relacionados co sector da construción. Inclúense aquí as seguintes ocupacións: albanelería (32), electricidade (9), soldadura (4), encargado/a de obra (3) e resto de oficiais: caldeirería, carpintaría, encofrado, fontanería, pintura e manexo de palas (11).

Case un 10% das ofertas foron de persoal técnico cualificado entre os que se inclúen: Instaladores/as e montadores/as (29), encargado/a de sala (7), deseñador/a gráfico (5), enquisadores/as (5), técnico/a de mantemento (4) e resto: operario/a de máquina de impresión, inspector/a mecánico e contable (6).

Case un 5% das ofertas fixéronse sobre postos relacionados co sector sanitario e de servizos sociais, entre as que se inclúen auxiliares de axuda a domicilio (8), xerocultores/as (7), condutores/as de transporte adaptado (3), auxiliares de enfermería(3), coidadores/as de persoas con alzheimer (2) e resto de ocupacións: asistente persoal, enfermeiro/a e coidador/a (6)

Case un 4% das ofertas foron de postos de persoal de limpeza (22).



Un 3,74% das ofertas foron de postos do sector da formación, educación e ocio, entre os que se inclúen as seguintes ocupacións: docentes varios (9), técnico/a en educación infantil (8), monitores/as socioculturais (3) e guías turísticos (1)

Un 3,38% foron de postos de mozos/as de almacén e carretilleiros/as (19) e un 3,20% de servizos persoais, entre os que incluímos: empregados/as de fogar (13) e perruqueiro/as e axudantes (5).

Un 2,49% das ofertas foron de pasadores/as (14) e o resto, un 8%, inclúen postos de traballo non incorporados en ningunha das categorías anteriores como son: traballos de tipo administrativo (7), condutores/as repartidores/as (7), técnicos e técnicas superiores (5) e outros (26)

No **cadro 1** recóllese o número de ofertas de traballo xestionadas polo Servizo de Intermediación laboral do Centro Municipal de Emprego, agrupadas por ocupacións, así como o tanto por cento que supón con respecto ao total.

### Cadro 1

OCUPACIÓNS	OFERTAS Nº	OFERTAS %
Dependientes/as, promotores/as, caixeiros/as e persoal de atención á clientela	136	24,20%
Representantes de comercio (comerciais)	81	14,41%
Persoal de hostalaría	63	11,21%
Oficiais 1ª, 2ª e 3ª (construción)	59	10,50%
Técnicos/as cualificados/as	56	9,96%
Persoal sociosanitario	28	4,98%
Persoal de limpeza	22	3,91%
Educación – formación - ocio	21	3,74%
Mozos/as de almacén e carga/descarga	19	3,38%
Servizos persoais (inclúe emprego doméstico)	18	3,20%
Pasadores/as	14	2,49%
Outros (non encadradas nas anteriores categorías)	45	8%
<b>TOTAL</b>	<b>562</b>	<b>100%</b>

Fonte: Servizo de intermediación laboral do Centro Municipal de Emprego. Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo. Concello da Coruña

No **cadro 2** recóllese o número de contratos rexistrados durante o primeiro trimestre do 2010 nas Oficinas de Emprego do Concello da Coruña agrupados por sectores económicos segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009)

## Cadro 2

SECCIÓN	SECTORES ECONÓMICOS	Nº CONTRATOS
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	351
B	Industrias extractivas	-
C	Industria manufactureira	720
D	Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	7
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	127
F	Construción	1.562
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.419
H	Transporte e almacenamento	1.121
I	Hostalaría	2.019
J	Información e comunicacións	1.045
K	Actividades financeiras e de seguros	108
L	Actividades inmobiliarias	46
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.701
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	6.014
O	Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	181
P	Educación	682
Q	Actividades sanitarias e servizos sociais	1.055
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1.210
S	Outros servizos	560
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico.	17

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo e Benestar. Clasificación CNAE 2009. Primeiro trimestre 2010. Concello da Coruña

Analizando os datos recollidos no **cadro 2**, podemos afirmar que os sectores económicos que crearon emprego na cidade da Coruña son:

O comercio, transporte, almacenamento e as actividades vinculadas ás industrias e a distribución comercial, tanto en postos de baixa como de media cualificación que ocuparon a un total de 5305 personas (seccións C, G, H y J).

A hostalaría, apoiada polo estilo de vida local e os eventos: espectáculos, congresos, turismo... ocuparon a un total de 2019 profesionais (sección I)

Por outra banda, as tarefas administrativas e os servizos auxiliares como conserxería, recepción, atención á clientela ou limpeza, comúns en todo tipo de empresas, son un compoñente básico na actividade da cidade como centro empresarial e administrativo. Ese é o motivo polo cal este sector ocupou a 6014 persoas (sección N: actividades administrativas e servizos auxiliares).

En canto á construción de obra pública, as axudas contempladas no Fondo Estatal de Inversión Local (Plan E) é o motivo polo que aumentara a contratación de perfís relacionados co sector da construción (albanelería, electricidade, encofrado, soldadura, carpintaría, fontanaría, pintura...). Non obstante, as perspectivas de crecemento da cidade, como consecuencia da construción de dous polígonos industriais e un parque empresarial, fan que a ocupación de profesionais neste sector se vaia a manter durante os próximos anos (sección F)

Outras actividades como a sociosanitaria, e a educación, ocio e formación ocuparon a un total de 2947 persoas (seccións P, Q e R) polo que a formación e a actualización profesional neste ámbito segue sendo necesaria.

A continuación analízanse os sectores de actividade económica que previsiblemente xerarán emprego na cidade da Coruña durante os próximos anos:

**OBRA PÚBLICA E PRIVADA:** a construción do “Espazo Comercial de Marineda Plaza”, e os polígonos industriais de Vío e as Rañas na Coruña, e o Polígono de Morás en Arteixo, fan que o sector da construción de obra pública e privada vaia a continuar creando emprego nos próximos anos.

**Ocupacións relacionadas:** gruistas, encofrado, soldadura, calderería, palistas, peonada especializados (pavimentación, revestimento de fachadas..), instalacións e montaxe entre outros

**Perspectiva de creación de emprego:** a curto-medio prazo.

**Tendencia do mercado:** en alza

**REFORMAS:** a Lei de Economía Sostible preve unha necesaria e profunda reforma en materia de rehabilitación de vivenda antiga para que esta poida ser unha actividade que canalice parte do emprego que se destrúe na construción de obra nova.

**Ocupacións relacionadas:** albanelaría, pintura, carpintaría, pladur, carpintaría metálica, revestimentos...

**Perspectiva de creación de emprego:** a curto- medio prazo

**Tendencia do mercado:** mantense

**ENERXÍAS RENOVABLES:** o actual Proxecto de Lei de Economía Sostible aposta claramente polo sector das enerxías renovables coa vista posta nun cambio de modelo produtivo, na promoción das enerxías limpas e no aforro no consumo enerxético como medida de eficiencia. Non obstante, hai que dicir que na actualidade as ocupacións relacionadas con este sector económico non están totalmente implantadas, debido ao escaso número de empresas do territorio adicadas en exclusiva ao mesmo. Trátase, en todo caso, de empresas adicadas ás instalacións de fontanería e calefacción que tamén realizan este tipo de traballos cando as subcontratan a outras empresas.

Sen embargo, a previsión é que nun futuro próximo medren as empresas que realizan este tipo de traballos e polo tanto as necesidades de persoal cualificado.

**Ocupacións relacionadas:** instalacións de fontanería, electricidade, instalación de paneis solares para aproveitamento térmico, instalación de paneis solares termodinámicos...

**Perspectiva de creación de emprego:** a medio - longo prazo

**Tendencia do mercado:** mantense

**HOSTALARÍA:** o ano Xacobeo aumentou a contratación de profesionais do sector da hostalaría. En maior medida, beneficiase a cidade de Santiago, aínda que repercute na cidade da Coruña.

Por outra banda, o “Espazo Comercial Marineda Plaza” ten previsto abrir un número importante de establecementos hosteleiros (cafeterías, restaurantes, hotel,...), polo que se crearán postos de traballo relacionados con este sector.

**Ocupacións relacionadas:** axudantes de cociña, axudantes de camareiros/as, camareiros/as e cociñeiros/as, promotores/as, recepcionistas e persoal de atención á clientela.

**Perspectiva de creación de emprego:** a medio prazo.

**Tendencia do mercado:** en alza.

**ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS:** a atención sóciosanitaria a persoas dependentes segue sendo un sector onde se crea emprego debido ao envellecemento da poboación en Galicia e á aplicación da Lei de Dependencia.

**Ocupacións relacionadas:** auxiliares de axuda a domicilio, xerocultura, coidado de persoas con discapacidade.

**Perspectiva de creación de emprego:** curto prazo.

**Tendencia do mercado:** mantense.

**COMERCIO:** a próxima apertura do “Espazo Comercial Marineda Plaza”, que aloxará arredor de 200 tendas, prevé un aumento importante na contratación de persoal nos sectores da gran distribución, loxística, servizos auxiliares e hostalaría.

**Ocupacións relacionadas:** dependentes/as, recepcionistas e persoal de atención á clientela, persoal de almacén, condutores/as-repartidores/as, persoal de limpeza, vixiantes, camareiros/as e axudantes, cociñeiros/as e axudantes, camareiros/as de piso.

**Perspectiva de creación de emprego:** a medio prazo.

**Tendencia do mercado:** en alza.

**ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES:** por outra banda, as tarefas administrativas e os servizos auxiliares son un compoñente básico na actividade ordinaria de calquera empresa. A consideración da cidade da Coruña como centro empresarial e administrativo, unido ás perspectivas de crecemento da mesma, son os motivos polos que este sector de actividade económica vai a seguir xerando emprego.

**Ocupacións relacionadas:** empregado/a de oficina, administrativos/as, auxiliares, telefonistas, recepcionistas, teleoperadores/as, persoal de limpeza, persoal de xardinaría, vixiantes de seguridade...

**Perspectiva de creación de emprego:** a curto- medio prazo.

**Tendencia do mercado:** en alza.

### 3 CONCLUSIONES

O mercado laboral está intimamente ligado á detección de necesidades de formación profesional, ocupacional e continua, que se pode planificar dende os diferentes servizos e programas municipais.

Debemos ter en conta que a economía que sustenta este mercado é cambiante, pero a súa constante é que esixe cada vez máis especialización profesional. Por isto, a planificación de accións debe conxugar a satisfacción das necesidades básicas de formación das persoas con esa especialización que demanda a empresa.

A este respecto, do **“Estudo sobre a situación dos servizos de apoio á busca de emprego no Concello da Coruña”** realizado no marco do Proxecto Rede Coruña Emprega, podemos extraer a seguintes conclusións:

- Entre accións formativas en sectores profesionais considerados polas entidades como xeradores de emprego, son habituais cursos de atención á dependencia e servizos sociais en xeral, novas tecnoloxías e enerxías renovables.
- Denótase unha falla de adaptabilidade entre a oferta formativa das entidades e as necesidades do mercado laboral. Isto é debido a unha certa rixidez na programación da oferta formativa suxeita a subvencións, onde as entidades teñen unha baixa capacidade de decisión.
- Refléctese unha falta de adaptabilidade entre as persoas demandantes de emprego e as necesidades formativas que require actualmente o mercado. Hai que programar a formación en función das necesidades do mercado laboral, non en función das demandas de formación das persoas, o que implica un esforzo na orientación laboral.
- Considérase preciso sensibilizar ás empresas e ás entidades sobre a necesidade de programar formación continua como mecanismo de mellora da competitividade.
- Apréciase unha certa concentración da programación formativa en determinadas épocas do ano. Esta estacionalización vai en detrimento dun maior aproveitamento das accións por parte da cidadanía.

No Proxecto Rede Coruña Emprega, estase a desenvolver un **“Estudo sobre o impacto no emprego do Porto Exterior da Coruña e outras oportunidades de negocio”** do que se poderán extraer datos relevantes a incorporar nas programacións formativas que se aborden en anos sucesivos.



Unión Europea  
Fondo Social Europeo  
*"El FSE invierte en tu futuro"*



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

rede>coruña>emprega

Proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo